

**PROGRAMACIÓN
DO DEPARTAMENTO
DE ACTIVIDADES
COMPLEMENTARIAS
E EXTRAESCOLARES**

CURSO 2013-2014



IES Río Cabe

MONFORTE DE LEMOS

1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

As funcións do Departamento de actividades extraescolares e complementarias concrépanse en coordinar, xestionar, canalizar e facilitar as iniciativas e desenvolvemento de ditas actividades do Centro.

As propostas procederán, basicamente, dos Departamentos Didácticos, así como de entidades e institucións de ámbito cultural, deportivo, educativo ou lúdico.

Neste documento reflíctense as actividades que figuran nas programacións dos Departamentos Didácticos. En caso de que ao longo do curso xurdan propostas interesantes serán susceptibles de ser tidas en conta e poderían realizarse, sempre que se avise con suficiente antelación e poidan ser aprobadas polo Consello Escolar, especialmente nos casos que impliquen a saída do recinto escolar.

Como en cursos anteriores, procuraremos a coordinación con outros centros da zona para realizar actividades conxuntamente: asistencia a obras de teatro, charlas, actividades deportivas, ...

O Departamento asumirá unha competencia xestora polo que deberá haber unha continua e estreita relación co Equipo Directivo e as Xefaturas de Departamento para así lograr o máximo aproveitamento das actividades sen que supoña prexuízo para o normal desenvolvemento do Centro. Así mesmo, é necesaria a colaboración dos Titores/as, resto do Claustro e Comunidade Educativa.

As actividades extraescolares e complementarias son un instrumento máis para a aprendizaxe do alumnado polo que se configuran como unha ferramenta complementaria da ensinanza regrada.

Considéranse actividades complementarias as propostas e organizadas polos Departamentos Didácticos e o Departamento de Actividades Extraescolares e Complementarias en horario escolar, de acordo co seu Proxecto Curricular: polo tanto poderán ser actividades que formen parte do proceso de avaliación, aínda que teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas polo momento, espazos e recursos que se utilizarán.

As actividades que se realicen fóra do horario lectivo, terán carácter voluntario para os alumnos e alumnas do Centro e, por tanto, non formarán parte do proceso de avaliación nas distintas áreas ou materias curriculares que integran os plans de estudo.

2. XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS

Estas actividades teñen un carácter enriquecedor na educación do noso alumnado xa que:

- Amplían a formación.
- Fomentan o ocio cultural e deportivo.
- Favorecen a convivencia.

Os obxectivos que se pretenden acadar son os seguintes:

- Conseguir que estas actividades sexan un estímulo á actividade educativa.
- Motivar á participación do alumnado despertando o seu interese en aspectos educativos e contribuíndo á mellora do seu rendemento académico, así como unha mellor relación co profesorado.
- Potenciar a relación co contorno sociocultural máis próximo ao alumnado co fin de mellorar a información e facilitar a súa integración.
- Desenvolver o interese do alumnado por participar en actividades de grupo.
- Desenvolver o gusto pola lectura como fonte de pracer e disfrute persoal.
- Facilitar ao alumnado o coñecemento das súas posibilidades físicas e o uso positivo do ocio, participando en actividades de carácter comunicativo, expresivo e lúdico.
- Fomentar o respecto e a valoración do patrimonio natural, cultural, histórico, lingüístico, artístico e social.
- Axudar a coñecer a natureza para comprometerse na conservación do contorno.
- Fomentar o interese polo coñecemento e conservación das tradicións culturais da zona.
- Facilitar o coñecemento real do mundo laboral ó que accederán no futuro próximo.
- Posibilitar o contacto con xente de outros pobos e culturas para un mellor enriquecemento persoal.

3. NORMAS E ACTUACIÓNS

- 1.- Como norma xeral, todos os alumnos/as deberán participar obrigatoriamente nas actividades complementarias dentro do Centro deseñadas para o seu grupo ou nivel educativo. Excepcionalmente, por motivos persoais razoados, cando un alumno non desee participar nalgunha actividade complementaria, quedará na aula de estudo, a cargo do profesorado de garda.
- 2.- Como norma xeral, e tal como se acordou na CCP procurarase que cada grupo de alumnos non supere as 24 horas lectivas adicadas a actividades complementarias e extraescolares, aínda que sexa inevitable en actividades de longa duración como a *Semana Branca* ou o *Intercambio con Francia*. En 2º de BAC, tamén como norma, non se programarán actividades en horario lectivo e só se realizarán dunha maneira excepcional como as dirixidas á orientación académica e vocacional do alumnado, de especial interese neste curso.
- 3.- A hora de levar a cabo unha actividade, cando dentro dun grupo haxa alumnos con necesidades educativas especiais, que non soamente afecten o seu rendemento escolar senón tamén á conduta dos mesmos, aumentarase a ratio de profesor/a por número de alumnos/as en *un*.
- 4.- Os Xefes de Departamento presentarán para cada actividade un documento no que especificarán:
 - Denominación da actividade e descrición da mesma.
 - Lugar de realización.
 - Nivel educativo para o que está indicada.
 - Data de realización e horario.
 - Custo da actividade. En viaxes de 1 día non será necesario indicar o custo do transporte.
 - Relación de grupos, de alumnos/as e de profesores/as acompañantes.
- 5.- O alumnado, antes da realización da actividade, deberá:
 - Ter pagado a parte que lle corresponda do prezo da actividade.
 - Ter entregado a autorización escrita da súa familia.

No curso pasado para aquelas actividades complementarias que se van realizar en horario lectivo o Centro elaborou un modelo de autorización única válida para todas as actividades que seguiremos empregando tratando así de axilizar dito trámite.

- 6.- En coordinación coa Xefatura de Estudos, e co asesoramento do Departamento de Orientación, decidirse que alumnado non poderá participar en actividades extraescolares, e incluso complementarias por condutas contrarias á convivencia no centro. Así, o vicedirector entregará un listado do alumnado participante coa debida antelación á xefatura de estudos, quen decidirá que alumnado poderá participar na actividade, previa consulta ós titores.
- 7.- O profesorado responsable das actividades complementarias e extraescolares comunicará á Xefatura de Estudos os posibles incidentes de disciplina para levar a cabo as correccións que correspondan.
- 8.- Non se realizará ningunha actividade sen que haxa un profesor/a responsable presente/acompañante e salvo acordos, o seminario organizador da actividade aportará o profesorado participante e acompañante na actividade.
- 9.- En relación coas actividades fóra do centro as familias recibirán comunicación escrita dos datos referidos ás características da actividade, profesores acompañantes, orzamento, aloxamento, horas de saída e chegada, ...
- 10.- Cotas a pagar polo alumnado: en Consello Escolar acordouse o seguinte:
 - Centro colabora con 3 euros por alumno/a para pagar a **entrada** a eventos culturais.
 - Cada alumno/a entregará 5 euros para gastos de **transporte** en distancias non superiores a 100 kms. e 7 euros en distancias superiores a 100 kms dentro de Galicia. 7 euros para asistir a eventos deportivos ou outros espectáculos lúdicos. En viaxes fóra de Galicia, estudarase cada caso particular.
 - O centro facilitará a participación de alumnado de contornos socioeconómicos desfavorecidos.
- 11.- En viaxes de máis de 2 días (Semana Branca, Intercambio con Francia, ...) o profesorado evitará fixar exames para esas datas co alumnado que non participe na viaxe.

4. ACTIVIDADES PROGRAMADAS POLOS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS

Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

LUGAR	CURSO/S	CARACTERÍSTICAS	DATAS	DURACIÓN
Centro	ESO	Horto urbán	3º trimestre	Ao longo de todo o trimestre
Sen confirmar	ESO BAC	Saídas culturais	Sen confirmar	Sen confirmar

Departamento de Debuxo

LUGAR	CURSO/S	CARACTERÍSTICAS	DATAS	DURACIÓN
Cidades galegas e portuguesas	3º ESO	Participación no “Proxecto Terra”	Marzo-Xuño	1-2 días
Instituto	1º, 3º e 4º da ESO	Exposición final de traballos do alumnado	Xuño	15 días
Sen confirmar	Sen confirmar	Saídas culturais (exposicións, visitas a museos....)	Sen confirmar	Sen confirmar
Instituto	Alumnos de ESO	Participación en concursos de carácter artístico convocados por organismos e institucións (ONCE)	Todo o curso	Sen confirmar
Instituto	Todos	Colaboración coa revista “Nos mesmos”	Marzo-Abril	15 días

Departamento de Economía

LUGAR	CURSO/S	CARACTERÍSTICAS	DATAS	DURACIÓN
Instituto/Madrid	BAC	Concurso “RetoAlcoa”	Todo o curso	1 hora a semana
Ourense	2º Bac.	Participación na “Olimpiada de Economía”	Xuño	1 día
Instituto/Madrid	BAC	Concurso “Young Business Talents 2013/2014”	Todo o curso	1 hora a semana
Instituto/Madrid	1º Bac.	Concurso “Generación Euro”	2º e 3º Trimestre	3 fases de traballos

Departamento de Educación Física

LUGAR	CURSO/S	CARACTERÍSTICAS	DATAS	DURACIÓN
Andorra	1º BAC 3º ESO Ciclo fútbol Ciclo Turismo	Semana Branca	3ª Semana Xaneiro	1 Semana
Galicia	1º BAC Ciclo fútbol	Rota de Sendeirismo	Abril/Maio	1 día
Ferrol /Costa da Morte	4º ESO	Vela e Surf	1ª Semana Xuño	1 día
Arbo	3º ESO	Rapting	4ª Semana Abril	1 día
Manzaneda/ Ponferrada	2º ESO	Actividades no medio natural (Sendeirismo, Piraguismo, escalada, tiro con arco)	2ª Semana Maio	1 ou 2 días
Serra da lastra ou caurel, ...	1º ESO	Sendeirismo	3ª semana de Maio	1 día

Coruña, Vigo, Lugo, etc.	Ciclo Fútbol	Asistencia a Conferencias,...	Ó longo de todo o ano.	1 día
Distintos lugares da xeografía española	Ciclo Fútbol	Asistencia a adestramentos de equipos de Fútbol	Ó longo de todo o ano.	Dende 1 día a máis de unha semana.

Departamento de Francés

LUGAR	CURSO/S	CARACTERÍSTICAS	DATAS	DURACIÓN
Bretagne Paris	3º e 4º ESO	Intercambio con Francia	3º trimestre	8/10 días
Ourense	1º BAC 1º e 2º ESO	Teatro en francés	22/11	1 mañá

Departamento de Latín e Grego

LUGAR	CURSO/S	CARACTERÍSTICAS	DATAS	DURACIÓN
Lugo	4º ESO 1º/2º BAC	Teatro-Visita a museos.	2º trimestre	1 día

Departamento de Inglés

LUGAR	CURSO/S	CARACTERÍSTICAS	DATAS	DURACIÓN
Gran Bretaña	2º de Bacharelato	Viaxe cultural a Londres e outra cidade inglesa	Fin de curso	6 días
Multiusos ou Aula da Cultura	2º Ciclo de ESO e Bacharelato	Obra de teatro en inglés representada por nativos ingleses	2º trimestre	2 horas
Río Cabe	Todos os cursos	Charlas en inglés a cargo de nativos	Ao longo do curso	1 hora cada charla

Departamento de Matemáticas

LUGAR	CURSO/S	CARACTERÍSTICAS	DATAS	DURACIÓN
Lugo	2º ESO	“Olimpiada Matemática”	Sen determinar	Sen determinar

Departamento de Música

LUGAR	CURSO/S	CARACTERÍSTICAS	DATAS	DURACIÓN
Santiago	3º de ESO	Concertos didácticos no Auditorio de Galicia	Sen determinar	1 día
Oviedo Coruña	1º de BAC	Acudir a unha ópera	Sen determinar	Fin de semana

Dptos. de Normalización lingüística e Lingua e Literatura Galega

LUGAR	CURSO/S	CARACTERÍSTICAS	DATAS	DURACIÓN
Centro	Todos	Convócase un concurso de videopoemas destinado a todo o alumnado	A determinar en función do orzamento do que se dispoña. Se é posible, no primeiro trimestre.	Un trimestre
Centro	ESA	Un libro, unha película. Realizar fichas comentarios de películas baseadas en libros. Posibilidade de editalos na revista.	O primeiro trimestre. Cuatrimestre.	Catro meses
Biblioteca	A determinar	Actuación de contacontos Tropa de Trapo	A determinar	Dúas horas
Centro do Viño	3º ESO	Visita guiada ó Centro do viño	A determinar segundo o orzamento.	Dúas horas
Centro	Toda a comunida de escolar	Apadriña unha palabra	Primeiro trimestre	Un trimestre
Museo do Ferrocarril	ESO. Curso a	Visita guiada ó Museo do Ferrocarril	Se é posible, durante o	Dúas horas aproximadame

	determinar		segundo trimestre.	nte
CEIP A Gándara e Colexio Novo	BAC e ESO	Actuación de alumnas e alumnos como contacontos para alumnado de colexios.	Segundo trimestre.	Dúas sesións de tarde ou mañá.
Santiago de Compostela	3º ESO	Visita ós tellados da catedral de Santiago, ó Parlamento, ó Valedor do Pobo, á Cidade da Cultura e ó Pazo de Oca.	A determinar	Un día
Centro	2º e/ou 3º ESO	Obradoiro de regueifas	A determinar	Dúas horas
Centro	Todo o alumnado	Exposición de poemas de amor.	Febreiro de 2013	Unha/dúas semanas
Centro	Todo o alumnado	Exposición de traballos sobre escritoras galegas.	Segundo trimestre	Varias semanas.
Centro	Todo o alumnado	Música en galego. Concurso para escoller a mellor música galega.	Todo o curso	Indeterminada
Centro	Todo o alumnado	Campionato de Trivial sobre o Val de Lemos.	Segundo ou terceiro trimestre.	Varias semanas
Centro	Todo o alumnado	Certame de narrativa e poesía	Terceiro trimestre	Terceiro trimestre
Centro	ESA	<i>Ponlle voz</i> Obradoiro para crear textos a partir de curtametraxes e bandas deseñadas.	Terceiro trimestre	Un trimestre
Centro	Todo o alumnado	<i>Xogo de Pistas</i>	Todo o alumnado	Todo o curso
Centro	<i>Ponlle voz</i> Obradoiro para crear textos a	Charlas de diversos escritores galegos	A determinar	Unha/dúas horas

	partir de curtametraxes banda deseñada.			
Club de Lectura	Todo o alumnado	Participación xunto coa Biblioteca no Club de Lectura Balbordo.	Todo o curso	Unha hora por sesión
Centro	1º e 2º e familias	<i>Mochilas viaxeiras</i>	Todo o curso	
Centro		Charla da Mesa pola Normalización	A determinar	Unha ou dúas horas
Centro		Blog do EDNL	Todo o curso	Indeterminada
Centro	ESO	Revista <i>Nós mesmos</i>	Todo o curso	Todo o curso

Departamento de Orientación

LUGAR	CURSO/S	CARACTERÍSTICAS	DATAS	DURACIÓN
Aula Audiovisuais	3º ESO	Programa educativo en materia de igualdade impartido polo CIM	2ª semana de cada mes	Horas de titoría
Aula	1º e 2º de ESO	Programa Clases sen Fume	Curso escolar	Horas de titoría
Aula	3º ESO	Charla prevención do contaxio do VIH Educadora Social UAD	2º trimestre	Horas de titoría
Aula	4º ESO	Charla sobre métodos anticonceptivos e educación afectivo-sexual Educadora Social UAD	2º trimestre	Horas de titoría
Aula	2º ESO	Charlas Prevención de Drogodependencias impartida pola	1º trimestre	Horas de titoría

		educadora social da UAD do Concello		
Aula	1º ESO	Charla Prevención Tabaquismo impartidas pola Técnico da Delegación de Sanidade de Lugo	2º trimestre	Horas de tutoría
Biblioteca	4º de ESO 2º de BAC	Charla sobre as Forzas Armadas	1º trimestre	Horas de clase
Biblioteca	2º de BAC	Charlas Orientación Académica DO e Universidades	2º e 3º trimestre	Horas de clase (At. Educativa/Relixión)
Aula	4º de ESO	Charlas Orientación Académica	3º trimestre	Horas de tutoría
Aula	2º de ESO	Obradoiro sobre Alimentación Saudable	2º trimestre	Horas de tutoría
Aula	4º de ESO	Plan Director para a Convivencia : Alcohol	2º trimestre	Horas de tutoría
Aula	1º de ESO	Plan Director para a Convivencia: Riscos en Internet	2º trimestre	Horas de tutoría

Departamento de Relixión

LUGAR	CURSO/S	CARACTERÍSTICAS	DATAS	DURACIÓN
Begonte Lugo	1º ESO	Visita ao Belén e a Catedral de Lugo	Decembro	1 día
Oseira Celanova Ourense	2º ESO	Visita aos monasterios e a Catedral de Ourense		1 día
Santiago	3º ESO	Visita Catedral y Cidade da Cultura		1 día
Astorga	4º ESO-1º y 2º BAC	Visita Catedral, Palacio de Gaudí e museos		1 día
Camiño de Santiago	Todos	Unha etapa do Camiño		1 día

Departamento de Tecnoloxía

LUGAR	CURSO/S	CARACTERÍSTICAS	DATAS	DURACIÓN
Monforte de Lemos	2º ESO	Museo do ferrocarril	2ª Avaliación	3h (2ª metade da mañá)
Nadela (Lugo)	3º ESO	Central leiteira	2ª Avaliación	6h (Toda a mañá)
Xermade (Lugo)	3º ESO 4º ESO	Parque experimental Sotavento	2ª Avaliación	6h (Toda a mañá)
Lugo	4º ESO	Central Hidroeléctrica sen determinar	2ª Avaliación	6h (Toda a mañá)
Oural (Lugo)	4º ESO	Cementos Cosmos	3ª Avaliación	6h (Toda a mañá)

Departamento de Xeografía e Historia

LUGAR	CURSOS	CARACTERÍSTICAS	DATAS	DURACIÓN
Monte Marroxo	2º Bac	Observación da vexetación atlántica e mediterránea	1º trimestre	1 día
Monforte	4º ESO	Visita a o Museo das Madres Clarisas.	1º trimestre	3 horas
Lugo, Castro de Viladonga e San Paio de Narla	Sen determinar	Estudo da Muralla, Castro e Museo Etnográfico.	Sen determinar	1 día
León e Astorga	Sen determinar	Estudo da Catedral, Muralla de Astorga e Palacio de Gaudí.	Sen determinar	1 día
Santiago	Sen determinar	Percorrido pola zona monumental, Parlamento e Consellerías	Sen determinar	1 día
Coruña	Sen determinar	Visita a la <i>Domus</i> , <i>Casa das Ciencias e Acuario</i>	Sen determinar	1 día
Sober	Sen determinar	Visita á Alfarería de Gundivós	Sen determinar	1 día

Terras de Lemos	Sen determinar	Visita aos recursos monumentais da Comarca con interese histórico-artístico	2º/3º trimestre	1 día
-----------------	----------------	---	-----------------	-------

Actividades promovidas polo Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares

LUGAR	CURSO/S	CARACTERÍSTICAS	DATAS	DURACIÓN
Instituto	Interesados	Charlas en colaboración coa ANPA sobre temas de interese para as familias	Sen determinar	Sen determinar (horario de tarde)
Coruña	Interesados	Partido de fútbol do <i>Deportivo</i> (en colaboración coa ANPA)	3º trimestre	Sábado ou domingo
Instituto	Todos/as	Festa de Nadal	decembro	1 día
Instituto	Todos/as	Festa Fin de Curso	Último día de curso	1 día
Instituto	2º BAC	Conmemoración Fin de Curso do alumnado de 2º BAC	Maio	1 tarde-noite
Cidade europea	4º de ESO	Viaxe fin de curso	Xuño	5/6 días
Lugo <i>Fundaciontic</i>	2º BAC 1º ESO	Obradoiro TIC	Decembro 2º trimestre	3 horas

Outras actividades promovidas ou coordinadas polo DACE

- Colaboración có Equipo de Normalización Lingüística na redacción da Revista Escolar.
- Colaboración coa Páxina Web do IES *Río Cabe*.
- Colaboración coa ANPA do IES *Río Cabe*.
- Colaboración coas actividades realizadas na BE e polo club de lectura *Balbordo*
- Colaboración coa exposición dos Proxectos Interdisciplinares de 1º de ESO dentro dunha *semana cultural* que intentará reunir dentro do Instituto diversas actividades desta índole (exposicións, conferencias...) e que se realizaría nos derradeiros días do curso.
- Colaboración co Concello ou outros organismos públicos no desenvolvemento de actividades propostas por eles.
- Colaboración na organización e desenvolvemento de actividades propostas por calquera membro da comunidade educativa de carácter lúdico relacionadas con festas tradicionais ou populares.

Actividades dirixidas ao ciclo de Guía, Información e Asistencia

Turística

DATA	VISITAS
1º Trimestre	<ul style="list-style-type: none">- Igrexa Románica de Santa María de Proendos. Petroglifos – Centro de Alfarería Rectoral de Gundivós- Adegas e Miradores da Ribeira Sacra- Mirador de Muimente- Feira de Turismo de Silleda- Mosteiro de Montederramo

	<ul style="list-style-type: none"> - Museo del Ferrocarril de Monforte de Lemos - Parador de Turismo de Monforte de Lemos - Centro do Viño de Monforte de Lemos
2º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> - Hotel Balneario Augas Santas - Hotel Palacio de Sober - Fitur, Feria Internacional de Turismo - BTL, Feria de Turismo de Lisboa, Portugal - Visita en Catamarán aos Cañóns do Sil - Museo e Murallas de Lugo. Termas - Ourense: Catedral, Termas, Restos Poboado Romano - Pazo de Tor - Ruta do Románico - Tramo do Camiño de Santiago
3º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> - Visita en Ave a La Coruña - Pazo de Antelo - As Pasarelas do Mao – Parada do Sil - Ferreira de Pantón - As Covas das Chollas - Centro de Interpretación Aquis Querquenu - Consorcio do Viño Ribeira Sacra - Igrexa de San Miguel de Ere - San Estevo de Ribas de Sil - Tren Turístico por Doade - Rutas de Sendeirismo: Courel, Ribeira Sacra,.. - Santa María de Boomorto - A Pobra de Brollón - Santiago de Compostela: Centro histórico, Gaiás, Catedral,... - Allariz, Ribadavia

PRINCIPAIS ACTUACIÓNS NA BIBLIOTECA ESCOLAR PARA O CURSO 2013/2014

A liña de traballo marcada coa incorporación ao PLAMBE-1 (2005-06) reforzouse considerablemente nos anos seguintes e procuraremos continuala oito anos despois.

1-Organización e xestión

Os fondos documentais están totalmente informatizados (co programa Gbwin) e tamén continuamos utilizando o Meiga para os máis asiduamente licitados. É imprescindible seguir co expurgo, posto que cómpre modernizar os fondos e evitar problemas de espazo.

A intención de manter dous blogs (pendentes aínda de quen vai xestionalos) implica seguir formándose no emprego das novas tecnoloxías. Pensamos que é un modo básico de potenciar os recursos ofertados desde a Biblioteca, permitir a participación de diferentes membros da comunidade e, por último, un auténtico elemento dinamizador da vida do centro e das nosas actividades.

En www.bibliocabe.blogspot.com seguiremos a publicar as propostas realizadas, ademais de continuar a incorporar materiais varios: guías de lectura, Buscar libros sobre..., Educación documental., Carteis, Internet segura, Taller de Escritura, Tomando un café con, Plan Lector...

En www.pistasdelectura.blogspot.com seguirase a publicar as reseñas que voluntariamente entrega o alumnado (e ex alumnos) sobre libros que len e comentan.

2-Dinamización, promoción de recursos, integración no currículo e contribución ao desenvolvemento das competencias básicas...

No Plan Lector do centro, a BE xa está integrada desde hai sete anos. Na súa vertente “Ler para comprender” está presente como elemento básico na consecución das

competencias básicas que deberá acadar o alumnado e ademais nas Programacións de todos os departamentos, como elemento dinamizador. A BE tamén está integrada nun grupo de traballo que elaborou criterios mínimos sobre competencias básicas (matemática, lingüística, aprender a aprender, dixital e tratamento da información). Procurarase que estea moi presente no **Plan Tic** que se está a elaborar no centro (hai que ter en conta o reto que supona incorporación das Tics á participación no proxecto **Abalar**).

Como promoción de recursos seguiremos coa mesma liña de traballo dos pasados anos. Dedicaremos algunha exposición (na que se pretenderá implicar a varios departamentos e diferentes membros da comunidade) a algunha temática (aínda non decidida) que se irá ampliando durante todo o curso segundo as posibilidades e circunstancias.

Continuaremos convocando actividades para **fomentar a escrita**, algunhas con continuidade dende hai anos ou outras novas: *Microcartas de amor, Poemas ilustrados, Haikus, Caligramas, Microrrelatos, Cántame un cadro* ou a creación dun *Libro colectivo*. Para **fomentar a oralidade**, procuraremos realizar, de contarnos coa colaboración do alumnado de Bac, un *Certame de contacontos* en diversos colexios da zona; pediremos a colaboración de profesorado para algunha proposta de relatos. Tamén tentaremos que ao alumnado siga facendo incursión no mundo do Teatro ou da Poesía que prolonguen ideas de cursos pasados e formularemos outras variadas para o próximo.

3-Formación de usuarios e Educación documental

Ao igual que os anos anteriores, a iniciación será para o alumnado de 1º ESO 1º trimestre de Proxecto Interdisciplinar e un reforzo para os de 2º, para dar respostas ás competencias básicas: aprender a aprender, comunicación lingüísticas, competencia en autonomía e iniciativa persoal e tratamento de información e competencia dixital. seguiremos a publicar materiais no blog Bibliocabe.

4-Fomento da lectura. Proxecto lector.

Un ano máis, aplicaremos o PLAN LECTOR en ESO e 1º de BAC na dobre vertente: *Ler para gozar e Ler para comprender* coas modificacións que consideremos oportunas unha vez analizados os resultados de final de curso.

Tentaremos continuar coa campaña de lectura: *Bonolibro, Hora de ler, Cántame unha ópera, Un libro para un amigo invisible e As mochilas veraniegas*. Ademais, seguirá o Club de lectura para familias e profesores con reunións cada dous meses.

Consolidaremos a experiencia de atender ao alumnado con necesidades específicas nas propostas de “BalbordoBis” (en colaboración co Departamento de Orientación)

5-Outras actividades

En relación co exposto seguiremos a elaborar Guías de lectura, material de Educación Documental, Carteis... que complementen as diversas actividades propostas. Tamén atenderemos a efemérides: Día internacional da muller, Dereitos Humanos, Letras Galegas, Días da Poesía etc. segundo as circunstancias ou oportunidades o permitan. Haberá algún encontro con escritores e,, dende o Club de lectura seguirase promovendo o interese polo libro e a lectura.

Moitas propostas que durante os últimos anos contaron cunha alta participación de alumnado e profesorado seguirán tendo protagonismo xunto con outras novidades.

6-Criterio e procedementos de avaliación

Para avaliar a BE teranse en conta: o emprego das instalacións, o horario extraescolar, o número de préstamos e o de asistentes a convocatorias e concursos, así como as enquisas que trimestralmente contestan alumnado e profesorado sobre a marcha do Plan Lector.

7-Persoa responsable/dinamizadora

Persoa responsable: Ana Rego

PROXECTO DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS

Club de Lectura. IES Río Cabe. Monforte de Lemos

1. Nome do Club de Lectura

Balbordo

2. Breve historia

O Club de Lectura do IES Río Cabe naceu no curso 2007-2008, froito das inquedanzas de dúas profesoras fortemente implicadas na biblioteca do centro: Beatriz González e María Luz Paramio. Recibiu unha fantástica acollida por parte de toda a comunidade escolar e, ese mesmo curso, foi incorporado como actuación destacable á Programación de Actividades da Biblioteca e no Plan Xeral Anual do Instituto.

Esa acollida entusiasta non decaeu ao longo dos seguintes cursos. A súa coordinadora ata o pasado curso, Beatriz González, conseguiu prender unha chama que conta xa con cinco anos de vida. Para toda a comunidade educativa, pertencer a Balbordo significa conversar sobre libros de maneira distendida e de forma voluntaria, compartir opinións, recomendacións. Balbordo converteuse nunha estratexia de fomento da lectura e de creación de ambiente lector, pero tamén nun lugar de encontro: ao grupo de profesores e persoal non docente seguen pertencendo, curso tras curso, aqueles que xa están xubilados ou destinados noutro centro; o alumnado pregunta na Biblioteca, dende os primeiros días de curso, cando hai que apuntarse ao Club.

3. Finalidades. Relación co proxecto lector de centro e a biblioteca escolar

O principal finalidade do Club Balbordo é o fomento da lectura e do amor polos libros. A esta finalidade subordínanse todas as demais:

- Contribuír ao coñecemento de novos autores e obras, tanto polos libros propostos como polas suxerencias que xorden ao fío das reunións.

- Potenciar o uso das novas tecnoloxías, por medio de lecturas en soporte virtual.
- Diversificar a lectura, a través do cómic, do álbum ilustrado, do pop-up, dos audiolibros...
- Desenvolver o plurilingüismo no alumnado, xa que haberá lecturas en lingua galega, lingua castelá e lingua inglesa.
- Resaltar a relación entre literatura e cine.
- Fomentar a interrelación entre as bibliotecas doutros centros escolares, por medio de actuacións conxuntas.

O Proxecto Lector do Centro favorece que o alumnado mostre interese en participar no Club de Lectura, tanto polo feito de acudir asiduamente á biblioteca como por gustar do hábito de compartir experiencias lectoras. Este ano por falta de horas de profesorado destinado á biblioteca teremos que aparcar os clubs de lectura do alumnado.

Balbordo axuda a consolidar a liña de actuacións da Biblioteca Escolar do PLAMBE. É un extraordinario factor de dinamización da biblioteca, posto que segue sendo o lugar lúdico de encontro nas reunións do Club. Por outra banda, a elección de textos para a lectura está condicionada, en ocasións, pola adecuación ás actividades deseñadas para dinamizar a biblioteca en datas sinaladas.

4. Actividades previstas

- Reunións mensuais cos grupos para comentar o libro proposto.
- Lecturas en soportes virtuais.
- Visita dun autor, en colaboración co Equipo de Normalización Lingüística.
- Contacontos.
- Resumo das reunións no blog de Balbordo.
- Proxección de películas baseadas nunha obra lida.
- Actuacións conxuntas cos equipos de biblioteca dos CEIP de Monforte.
- Dinamización por medio das artes plásticas.

5. Composición e número de participantes aproximado. Implicación doutro profesorado do centro

O Club de Lectura Balbordo contará este curso con un grupo que estará formado por profesorado do centro, persoal non docente e pais e nais. Todos eles conformarán os lectores reais de Balbordo. A eles sumaranse os lectores virtuais que seguen as lecturas propostas, visitando o blog e solicitando nas librerías os libros lidos no club.

6. Forma de organización e funcionamento

As reunións estarán coordinadas pola responsable da Biblioteca Escolar. Terán un carácter bimestral e serán moderadas por un membro do equipo de biblioteca pertencente ao departamento de Educación Física, Carlos Parada.

Sabemos, pola experiencia de estes anos, que o noso club de lectura creou apaixonados lectores en toda a comunidade escolar.

7. Horario e calendario previsto para as reunións de carácter presencial

As reunións co grupo de profesores, persoal non docente, pais e nais serán bimestrais en horario de tarde.

5. ORZAMENTO

A modo orientativo, calculamos as seguintes necesidades orzamentais:

- Primeiro Trimestre: 2.000 euros
- Segundo e Terceiro Trimestres: 4.500 euros.

A Vicedirectora

Consuelo Rodríguez Prieto

